

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 4 DE OUTUBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria dos concellos de Esgos e Xunqueira de Espadanedo, da provincia de Ourense, para o sostemento en común da praza de Secretaría-Intervención.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Administración e Finanzas.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se acorda o inicio do procedemento de elaboración do Plan territorial integrado da bacía hidrográfica do río Eume.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilarmajor, para a execución da obra: "Rede de saneamento na parroquia

de Torres. Vilarmaior (A Coruña)", clave OH.315.1007, por importe de catrocentos quince mil novecentos setenta e catro euros con setenta e nove céntimos (415.974,79€).

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Verín, para a execución da obra: "Infraestruturas hidráulicas na rúa Canella Cega. Verín (Ourense)", clave OH.532.784, por importe de trescentos noventa e dous mil cento trinta e tres euros con oitenta e un céntimos (392.133,81€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial para a ampliación das instalacións da empresa Plastic Omnium en Cedeira, Redondela, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación Cultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Xinzo de Limia para o acondicionamento do edificio cultural que alberga o Museo do Entroido, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, por importe total de cento cincuenta mil euros (150.000 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a execución orzamentaria doutras comunidades autónomas no segundo trimestre.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: Renovación de capa de rodadura e mellora da seguridade viaria na VG 4.1 (Sanxenxo-A Lanzada) entre os pk 19+000 e 26+000 e renovación de capa de rodadura na PO-308 (Pontevedra-A Lanzada) entre os pk 13+040 e 13+840, por unha contía de douscentos cincuenta e nove mil novecentos noventa euros con cincuenta céntimos (259.990,50 euros).

- Informe da orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2012, 2013 e 2014.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a avaliación do Plan de potenciación das linguas estranxeiras.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a licitación do centro de saúde de Galeras en Santiago de Compostela.
- Informe sobre o proceso de integración do persoal do Hospital Lucus Augusti no réxime estatutario.
- Informe sobre a execución H2050 e Innova-Saúde.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre proxecto de decreto polo que se crea o Consello Galego do Traballo Autónomo e se regula a súa composición e funcionamento.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A AGRUPACION VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE ESGOS E XUNQUEIRA DE ESPADANEDO PARA O SOSTEMENTO COMÚN DA PRAZA DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

- ***A agrupación constitúe unha medida de aforro económico sen a máis mínima perda de capacidade na xestión administrativa***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria dos concellos de Esgos e Xunqueira de Espadanedo, na provincia de Ourense, para a sostemento en común da praza de Secretaría-Intervención nos citados concellos.

O obxecto desta actuación vén marcado pola planificación dos recursos humanos nas administracións públicas, esta planificación debe, entre outros obxectivos, contribuír a acadar a eficiencia na utilización dos recursos económicos, e ante unha situación de decrecemento de recursos económicos, os concellos optan por acceder á posibilidade da agrupación do posto reservado a funcionarios de habilitación estatal, para unha mellor ordenación dos seus recursos humanos para acadar unha maior eficiencia na utilización dos recursos económicos á súa disposición, sen que se produza unha diminución na eficacia da prestación do servizos.

Do mesmo xeito, para atopar unha maior eficiencia e racionalidade dos recursos humanos, a agrupación constitúe unha medida de aforro económico sen a máis mínima perda de capacidade na xestión administrativa.

Ambos os dous concellos levan anos sufrindo unha redución poboacional; isto en termos económicos tradúcese en que os concellos ingresan menos recursos para atender os servizos de que se ocupan, xa que por un lado o poboación é un criterio básico na asignación de recursos na participación en tributos do Estado e, por outro, a menos cidadáns menos contribuíntes nos tributos municipais.

Esta redución poboacional tamén ten tradución en que os asuntos xestionados en cada un dos concellos se reducen considerablemente, dando lugar a que os cadros de persoal municipais sexan excesivos para a xestión ordinaria dos asuntos municipais.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ACADOU XA A MODERNIZACIÓN E ADAPTACIÓN DOS CURRÍCULOS DE 56 CICLOS FORMATIVOS ÁS NECESIDADES DOS SECTORES PRODUTIVOS GALEGOS

- *O departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad continúa coa súa estratexia de impulso da FP, favorecendo a formación de profesionais cualificados e preparados para un rápido acceso ao mercado laboral*
- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos dous ciclos superiores en Administración e Finanzas e en Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten adaptado xa 56 currículos de ciclos de formación profesional ás necesidades dos tecidos socioprodutivos galegos, despois de que hoxe o Consello da Xunta de Galicia dese o visto e praxe aos do ciclos superiores en Administración e Finanzas e en Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos.

Deste xeito, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad continúa a avanzar na renovación dos títulos de FP, modernizándoos de acordo coas exixencias da Lei das cualificacións profesionais e das demandas actuais do mercado laboral e de profesionais cualificados nos sectores produtivos de Galicia, que poidan incorporarse rapidamente ao mercado laboral tras acabar os seus estudos. Todo no marco da estratexia de posta en valor da formación profesional que vén desenvolvendo o Goberno galego ao longo da lexislatura, e que se reforzou este curso coa implantación de 27 ciclos e a creación de máis de 2.600 novas prazas para dar resposta á demanda crecente da cidadanía por cursar estas ensinanzas.

Administración e Finanzas

O novo currículo do ciclo superior de Administración e Finanzas ten como obxectivo preparar os estudantes para analizar, confeccionar e xestionar os documentos e as comunicacións e os documentos que se utilizan na empresa, identificando a súa tipoloxía e a súa finalidade, para os xestionar; incluso utilizando a lingua inglesa.

Así mesmo, o ciclo capacitará os titulados para analizar as posibilidades das aplicacións e dos equipamentos informáticos en relación co seu emprego máis eficaz no tratamento da información; organizar as tarefas administrativas das áreas funcionais da empresa, propor liñas de actuación e mellora, e xestionar os procesos de xestión empresarial de forma integrada. Así mesmo, poderán realizar a xestión contable e fiscal, organizar e supervisar a xestión administrativa do persoal da empresa e a dos procesos comerciais; ou supervisar a xestión de tesouraría, a captación de recursos financeiros e o estudo de viabilidade de proxectos de investimento, entre outras tarefas.

Por outra banda, os titulados acadarán competencias en técnicas de atención á clientela e ás persoas usuarias, protocolos de calidade e imaxe empresarial ou institucional.

Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos

Respecto dos titulados no ciclo superior de Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos, estarán capacitados para desenvolver proxectos de instalacións e sistemas de telecomunicacións; calcular os parámetros dos sistemas de telecomunicacións; definir e elaborar o orzamento das unidades de obra; configurar instalacións de sistemas de telecomunicacións e debuxar os seus planos utilizando programas informáticos de deseño asistido; e definir as fases e as actividades do desenvolvemento da instalación.

Así mesmo, os titulados serán quen de xestionar a subministración do almacén, realizar a implantación da instalación e supervisar a súa montaxe; así como planificar e executar o seu mantemento. No mesmo sentido, aprenderán a preparar os informes técnicos, os certificados de instalación e os manuais de instrucións e mantemento, seguindo os procedementos e os formatos oficiais para elaborar a documentación técnica e administrativa.

Por outra parte, estes titulados definirán os medios de protección persoal e das instalacións, identificando os riscos e os factores de risco da montaxe, o mantemento e o uso das instalacións, para elaborar o estudo básico de seguridade e saúde; e para supervisar o cumprimento da normativa.

Formación para o traballo

Para favorecer o acceso dos estudantes ao mercado laboral os currículos adaptados inclúen un módulo de formación en centros de traballo, que permitirá que o alumnado complete as ensinanzas adquiridas no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas exigencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

O módulo de proxecto que se inclúe nestes ciclos formativos permitirá integrar de forma global os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE CREA O REXISTRO GALEGO SANITARIO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS ALIMENTARIOS

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un decreto da Consellería de Sanidade, polo que se crea o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios, e se regula o procedemento para a inscrición, modificación e cancelación dos datos rexistrados. O rexistro establécese coa finalidade de rexistrar o número de empresas e establecementos existentes, de xeito que, ante unha situación de perigo, se poida localizar inmediatamente o foco do orixe. A posta en marcha deste rexistro é, polo tanto, un elemento importante para a protección da saúde pública e dos intereses dos consumidores.

O Rexistro galego será complementario do existente na Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, que o mesmo que o galego, ten como finalidade a protección da saúde pública e os intereses dos consumidores.

Tal e como recolle o decreto hoxe aprobado, deberán inscribirse neste Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios as empresas con sede, domicilio ou que exerzan algunha actividade na nosa Comunidade, e que a dita actividade consista exclusivamente en manipular, transformar, envasar, almacenar ou servir alimentos para a súa entrega "in situ" ao consumidor final ou a colectividades, así como cando fornezan outros establecementos destas mesmas características.

Deste xeito, as empresas só deberán presentar unha declaración previa para dar comezo ás súas actividades, e a Administración sanitaria poderá levar adiante as tarefas de control en calquera momento.

O Rexistro ten carácter público e informativo respecto ao nome comercial, número de rexistro, enderezo postal e a actividade da empresa ou establecemento rexistrado. Establécese, ademais, a posibilidade de que se tramite todo o procedemento mediante o uso de tecnoloxías informáticas, o que vai resultar moito máis eficiente para os interesados.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA O REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE GALICIA

- ***Esta norma facilitará as relacións entre a Administración e os cidadáns mediante un rexistro veraz e actualizado dos seus datos, o cal determina as condicións que deben reunir as explotacións agrarias para seren destinatarias preferentes das axudas públicas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa xuntanza semanal o Decreto da Consellería do Medio Rural e do Mar polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), o cal ten por obxecto dispoñer -de maneira permanente, integrada e actualizada- de toda a información precisa para un axeitado desenvolvemento do sector agrogandeiro galego e a súa planificación e ordenación, así como o emprego dos datos rexistrados para a súa explotación con fins estatísticos.

O REAGA facilita as relacións entre a Administración e os cidadáns mediante un rexistro veraz e actualizado dos seus datos, o cal determina as condicións que deben reunir as explotacións agrarias para seren destinatarias preferentes das axudas públicas.

Titularidade compartida

As explotacións agrarias que integran o Rexistro de Explotacións están clasificadas en tres seccións: prioritarias, de titularidade compartida e outras explotacións agrarias.

No caso das de titularidade compartida foi necesario dar cumprimento ao disposto nos artigos 6 e seguintes da Lei estatal 35/2011, de 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, e crear no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia unha nova sección para elas.

Con esta regulación preténdese promover e favorecer a igualdade real e efectiva das mulleres no medio rural, a través do recoñecemento xurídico e económico da súa participación na actividade agraria.

A XUNTA INICIA A ELABORACIÓN DO PLAN TERRITORIAL INTEGRADO DA BACÍA DO RÍO EUME, O SEGUNDO NA HISTORIA DA AUTONOMÍA

- ***O obxectivo deste plan será o desenvolvemento dun territorio ordenado e eficiente, contribuíndo a unha planificación racional dos usos do solo, tendo en conta a referente hidrolóxica, fío condutor do Plan***
- ***O Plan terá como ámbito o da bacía hidrográfica do río Eume, e permitirá establecer unha análise das diferentes políticas da Xunta, arredor do elemento de dimensión do novo lago das Pontes***
- ***Os concellos do ámbito do PIT son: na provincia da Coruña: Pontedeume, Cabanas, Vilarmajor, A Capela, Monfero, Irixoa, Aranga, As Somozas, As Pontes de García Rodríguez; e en Lugo: Guitiriz, Xermade, Muras, Vilalba, Abadín***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o proxecto de acordo polo que se dispón o inicio do procedemento de elaboración do Plan territorial integrado (PTI) da bacía hidrográfica do río Eume. Trátase do segundo PTI que inicia a Xunta en toda a súa historia, xa que o primeiro foi o Plan de ordenación do litoral (POL), aprobado definitivamente na actual lexislatura.

O propósito deste acordo é iniciar o procedemento da elaboración do Plan territorial integrado (PTI) da bacía hidrográfica do río Eume, de conformidade co disposto no artigo 12.1 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, en desenvolvemento e cumprimento da determinación 10.1.2. das directrices de ordenación do territorio de Galicia.

O obxectivo deste plan territorial integrado será o desenvolvemento dun territorio ordenado e eficiente, contribuíndo a unha planificación racional dos usos do solo, tendo en conta a referente hidrolóxica, fío condutor do plan, desde a perspectiva da avaliación preventiva de danos e a xestión dos problemas hidrolóxicos.

O plan terá en conta tres aspectos: integración da planificación e estudo das zonas inundables; simplificación da redacción do Plan hidrolóxico da bacía do Eume; realización dun estudo da incidencia do lago na zonificación e usos do solo.

Ámbito

O Plan territorial integrado terá como ámbito o da bacía hidrográfica do río Eume, e permitirá establecer unha análise exhaustiva e transversal coordinada e integral das diferentes políticas da Xunta de Galicia, arredor do elemento de dimensión do novo lago das Pontes.

Os concellos incluídos dentro do ámbito do PIT son: na provincia da Coruña: Pontedeume, Cabanas, Vilarmaior, A Capela, Monfero, Irixoa, Aranga, As Somozas, As Pontes de García Rodríguez; e na provincia de Lugo: Guitiriz, Xermade, Muras, Vilalba, Abadín. A poboación beneficiada polo plan abarca un total de 56.511 habitantes

Contido

Os plans territoriais integrados conterán os documentos gráficos e escritos que sexan necesarios para reflectir as seguintes determinacións:

- Diagnóstico territorial da área, en especial no referente aos recursos naturais, poboación, planeamento vixente e situación socioeconómica.
- Definición dos obxectivos da ordenación, con especial atención ao estudo das posibilidades de desenvolvemento socioeconómico.
- Sinalización dos espazos aptos para servir de soporte ás grandes infraestruturas, determinando a localización e características daquelas que deban crearse ou modificarse para potenciar o desenvolvemento socioeconómico comarcal.
- Localización dos equipamentos de interese común para a zona obxecto do plan.
- Criterios, principios e normas xerais que constitúan o referente para a ordenación urbanística municipal.
- Propostas relativas aos espazos que deban ser obxecto de remodelación, rexeneración ou rehabilitación, co fin de evitar a súa degradación ou de conseguir a súa recuperación para usos, total ou parcialmente, distintos.
- Estimación das superficies de solo que deban reservarse con destino a algunha das seguintes finalidades: construción de vivendas de protección oficial ou promoción pública de solo industrial co obxecto de posibilitar a formación de polígonos urbanizados.
- Determinación daqueles servizos que se deban ou poidan crear para común utilización dos concellos incluídos no ámbito do plan.
- Determinacións para evitar desequilibrios funcionais en zonas limítrofes de distintos concellos.
- Creación de medidas de apoio encamiñadas a incentivar actuacións que favorezan a consecución dos obxectivos fixados nas directrices de ordenación do territorio e no propio plan.
- Criterios, normas e principios necesarios para o desenvolvemento das súas determinacións.

Coordinación

Este Plan territorial integrado da bacía hidrográfica do río Eume será formulado e impulsado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, coa dirección conxunta do Instituto de Estudos do Territorio e do organismo autónomo Augas de Galicia. Tamén participan a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, e a Dirección Xeral de

Conservación da Natureza, ademais das consellerías de Medio Rural e do Mar, e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Procedemento

O Consello da Xunta acorda a iniciación do procedemento da elaboración do plan, que se publicará posteriormente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e se lles notificará aos concellos afectados.

Redactado o Plan territorial e antes da súa aprobación inicial polo departamento director do procedemento, someterase a informe das corporacións locais referidas no número anterior e das entidades de carácter supramunicipal con incidencia na área, que o emitirán no prazo máximo de dous meses.

Co acordo de aprobación inicial adoptarase o de apertura do trámite de información pública por un período de dous meses, e solicitarase informe da Delegación do Goberno, que deberá emitilo no mesmo prazo.

A consellería que outorgase a súa aprobación inicial, á vista do resultado da información pública e dos informes producidos, acordará a aprobación provisional coas modificacións que, se é o caso, procedan. Se con motivo das alegacións formuladas ou dos informes emitidos se tivesen que introducir modificacións substanciais en relación co documento aprobado inicialmente, poderá dispoñer un novo período de información e consulta de igual duración que o anterior.

Logo da aprobación provisional, correspóndelle ao departamento que a outorgase elevalo ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva mediante decreto.

A XUNTA INVESTIRÁ 410.000 EUROS NO CONCELLO CORUÑÉS DE VILARMAIOR PARA A EXECUCIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TORRES

- *Os núcleos desta parroquia non contan con este tipo de infraestrutura nin sistema de depuración colectivo, polo que as augas residuais das vivendas verten ás fosas sépticas, pozos negros ou, directamente, á rede de pluviais*
- *As obras arranxarán os problemas de saneamento que sofren na actualidade e poderían padecer no futuro os veciños destes núcleos, co cal se dará servizo a case 200 habitantes*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un convenio de colaboración co Concello de Vilarmaior, na provincia da Coruña, co fin de que se leven a cabo as obras da rede de saneamento da parroquia de Torres, nos núcleos de Gabín, As Coruxas, Goián, Sobrado, Belsar, Picote e Pazos. Esta actuación conta cun orzamento de máis de 410.000 euros. O financiamento achegarao na súa totalidade a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia.

As obras arranxarán os problemas de saneamento que sofren na actualidade e poderían padecer no futuro os veciños destes núcleos, co cal se dará servizo a case 200 habitantes.

Para levar a cabo esta actuación faise necesaria a construción de 11 colectores de PVC de 315 milímetros cunha lonxitude total de case tres quilómetros. A dita rede conectarase cun colector xa existente, que finaliza nunha depuradora executada recentemente polo Concello de Vilarmaior.

A depuradora consta dunha fosa séptica con filtro biolóxico, dimensionada para dar servizo á totalidade da parroquia de Torres.

Cabe sinalar que, neste momento, os ditos núcleos non contan con rede de saneamento nin sistema de depuración colectivo, polo que as augas residuais das vivendas verten actualmente a fosas sépticas, pozos negros ou directamente á rede de pluviais.

Colaboración entre administracións

O Goberno galego ten como obxectivo a colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas (Decreto 84/1997 de 10 de abril)

Esta actuación programouse dentro do convenio específico asinado o 7 de maio de 2012 entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona rurais.

MEDIO AMBIENTE COLABORA CO CONCELLO DE VERÍN PARA MELLORAR AS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS NA RÚA CANELLA CEGA

- ***A Xunta, a través de Augas de Galicia, achega un importe económico de máis de 392.000 euros para executar estes traballos***
- ***O proxecto reflicte a execución dun colector de pluviais que recolle as verteduras que se producen na cabeceira da propia rúa***
- ***Na marxe dereita da rúa complétase a rede de saneamento con tubaxe e cun aliviadoiro á rede de pluviais***
- ***Na cabeceira da rúa constrúirase unha boquilla de aletas cun pozo areeiro para conducir as augas de escurramento***

O Consello da Xunta de hoxe autorizou o convenio de colaboración técnica e financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Verín para a dotación de infraestruturas hidráulicas na rúa Canella Cega.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega un importe económico de máis de 392.000 euros para a execución destas obras no citado municipio ourensán.

Na actualidade a rede de saneamento discorre polo medio da rúa e acométense a ela as augas pluviais, posto que non existe rede específica para estas. Isto provoca que en época de chuvias se producen inundacións como consecuencia de que a rede entra en carga e se desborda. O proxecto autorizado hoxe solucionará estes problemas mediante a instalación dunha rede separativa, adecuada ás necesidades desta zona.

O proxecto de mellora recolle a modificación do trazado do colector procedente do barrio de San Roque, converténdoo no colector xeral ata o seu entroncamento coa rede existente. Fanse aliviadoiros á canle existente de pluviais. Na parte alta da Rúa Canella Cega, faise a separación das augas, cunha rede para pluviais. Ademais, completárase a rede de abastecemento por ambas as marxes da rúa e repóranse todos os servizos afectados.

Na rúa Canella Cega instálase un colector de pluviais de diámetro 400 mm que recolle as verteduras que se producen na cabeceira da propia rúa na gabia existente, recolle o aliviadoiro do colector de fecais que procede da rúa da Lonxa Agropecuaria, e verte na canle existente de pluviais. Na cabeceira da rúa Espido proxéctase un pequeno colector de pluviais procedente da zona de Fontenova.

As actuacións tamén se centrarán na colocación de tubaxes de abastecemento en ambas as marxes da rúa. Instalaranse as correspondentes válvulas de corte e na beirarrúa colócanse bocas de rega-incendio.

O colector procedente do barrio de San Roque, con evidentes signos de entrar en carga e alivios frecuentes, intercéptase no pozo existente da canle de pluviais e faise un aliviadoiro directo a este, executándose un novo trazado en tubaxe de PVC de 500 mm, ata a fin da rede e recollendo as verteduras da rúa Espido e todos os da rúa Canella Cega, ata o entroncamento final na rede existente, na que se fai outro aliviadoiro.

O departamento que dirixe Agustín Hernández colabora de xeito técnico e financeiro cos concellos galegos co fin de dotalos daquelas infraestruturas das que carezan. Así, mellórase a calidade de vida dos cidadáns, fomentando así o desenvolvemento económico e social da comunidade galega.

ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA A CREACIÓN DE 200 NOVOS EMPREGOS NO SECTOR DA AUTOMOCIÓN COA AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE PLASTIC OMNIUM EN REDONDELA

- ***O Consello da Xunta aprobou o proxecto sectorial desta iniciativa, que suporá un investimento total de 8,5 millóns de euros***
- ***A empresa de compoñentes creará unha nova liña de produción contando cunha axuda do Igape por preto de 1 millón de euros***
- ***A Xunta, que aposta por unha industria galega da automoción forte, innovadora e con futuro, leva destinados máis de 120 millóns de euros ao sector ao longo da lexislatura***

A Consellería de Economía e Industria, que aposta por unha industria galega da automoción forte, innovadora e con futuro, apoia a ampliación das instalacións con que a empresa de compoñentes Plastic Omnium conta na localidade pontevedresa de Redondela, e que permitirá crear 200 novos postos de traballo directos, así como a creación de empregos indirectos.

O Consello da Xunta aprobou o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal desta actuación, que suporá un investimento total de 8,5 millóns de euros e que permitirá poñer en marcha unha nova liña de produción, contando cunha axuda do Igape de preto de 1 millón de euros.

A ampliación da superficie das instalacións en Cedeira en 2.800 m² permitirá un aumento da capacidade produtiva da fábrica, coa introdución de dous novos produtos, portóns exteriores máis lixeiros e parachoques, así como unha mellora das técnicas empregadas coa implantación da tecnoloxía máis avanzada na aplicación do plástico aos compoñentes do automóbil, minimizando o impacto sobre o medio.

Ademais da axuda do Igape, desde a Axencia Galega de Innovación tamén se facilitou o acceso desta empresa altamente innovadora e que emprega tecnoloxía pioneira aos recursos do Fondo Tecnolóxico, xestionados polo CDTI, cunha achega do Fondo que superou os 650.000 euros precisamente para un proxecto de desenvolvemento de compoñentes plásticos de mínimo impacto ambiental.

A posta en marcha destas novas instalacións, que deberán agora obter a licenza municipal de obras, suporá un forte impulso ao sector da automoción e a industria de compoñentes, para o cal desde o comezo da lexislatura a Xunta desenvolve unha estratexia integral a que se levan destinado máis de 120 millóns de euros. Así, desde a Consellería de Economía e Industria leváronse a cabo entre outras accións medidas encamiñadas a reforzar a súa mellora competitiva e a impulsar a innovación, apoiando

directamente as pemes do sector e colaborando co clúster CEAGA, e impulsando a construción de novos modelos en PSA Citroën en Vigo.

CULTURA E EDUCACIÓN CONTRIBUIRÁ Á MELLORA DO MUSEO DO ENTROIDO DE XINZO DE LIMIA CUNHA ACHEGA DE 150.000 EUROS

- ***O departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad colabora así coas instalacións locais que realizan un importante labor de achegamento da cultura á cidadanía***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello ourensán de Xinzo polo que o departamento de Cultura e Educación achegará un total de 150.000 euros para contribuír a levar a cabo as actuacións necesarias para o acondicionamento do edificio cultural que alberga o Museo do Entroido, que está considerado de interese turístico nacional.

Ao abeiro deste acordo realizaranse tarefas de acondicionamento e equipamento do local, que permitan crear un espazo ben dotado para albergar desde os tradicionais carros ata máscaras, manequíns e unha ampla documentación sobre unha celebración de tal importancia antropolóxica e cultural en Galicia – e nomeadamente na provincia de Ourense- como é o entroido.

En concreto, está previsto realizar actuación na cuberta, vidreiras, revestimentos, pavimentos, falsos teitos e nas instalacións de electricidade e fontanaría; así como diversos traballos de albanaría, carpintaría e nos mecanismos de protección contra incendios. Ademais, instalarase un ascensor no museo, para dar cumprimento á normativa de accesibilidade.

Apoio aos locais culturais municipais

O investimento da Consellería neste centro é unha aposta pola mellora das instalacións e o impulso do funcionamento de locais culturais nos distintos concellos que achegan ás galegas e galegos unha ampla oferta cultural no seu propio ámbito, tanto dos concellos como da Consellería.

Cómpre lembrar que, nesta mesma liña, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad asinou no mes de setembro un convenio co alcalde de Xinzo de Limia, Antonio Pérez Rodríguez, en virtude do cal se realizarán obras de mellora, cun orzamento de 60.000 euros, nas instalacións da Casa de Cultura e Xuventude desta localidade.

GALICIA FOI A SEGUNDA COMUNIDADE QUE MELLOR EXECUTOU OS SEUS INVESTIMENTOS NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO

- *Ademais desta alta execución, estivo entre as autonomías con maior porcentaxe de pagamentos, 14 puntos máis que a media*
- *A Comunidade galega foi a segunda que máis porcentaxe de gasto non financeiro destinou a investimentos, un 14%, case sete puntos máis que a media*
- *A solvencia da Facenda galega permitiulle ter liquidez e poder financiarse no mercado sen ter que acudir aos mecanismos de axuda do Goberno central*

A Comunidade galega foi a segunda autonomía que mellor executou os seus investimentos durante os primeiros seis meses do ano, cun 45,8%, e foi capaz de compatibilizar isto cunha maior porcentaxe de pagamentos do comprometido, 14 puntos máis que a media de comunidades.

Así se recolle nun informe da conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, presentado hoxe ao Consello, no que tamén se sinala que Galicia foi a segunda comunidade que maior porcentaxe de gasto non financeiro destinou neste período a investimentos, un 14%, case sete puntos máis que o conxunto de autonomías.

No caso de transferencias de capital, Galicia tamén está entre as comunidades que maior porcentaxe executou entre xaneiro en xuño, en concreto a cuarta con 13,4 puntos superior á media; e entre as que mellor as pagou, con 14,4 puntos mellor que o resto.

Con estes datos, Galicia foi a terceira comunidade con maior porcentaxe de execución de gasto de capital (capítulos VI e VII) cun 42,5%, máis de 16 puntos superior á media; comportamento similar no caso dos pagamentos, case 15 puntos mellor que o conxunto de autonomías.

Por outra banda, tendo en conta o total do gasto non financeiro, Galicia foi a segunda autonomía que tivo unha maior execución no segundo trimestre do exercicio, cun 50%, case cinco puntos superior á media, situándose entre as únicas catro que executaron máis recursos en relación ao mesmo período de 2011. Igualmente neste caso o nivel de pagamentos foi mellor en Galicia en case catro puntos.

Estes bos resultados débense á situación de solvencia da Facenda galega, que tivo liquidez e puido financiarse no mercado, xa que non precisou nese período acudir ao mecanismo especial habilitado polo Estado para o pagamento a provedores nin precisará agora botar man do fondo de liquidez autonómica que porá en marcha o Goberno central.

A XUNTA AUTORIZA AS OBRAS DE EMERXENCIA NA VÍA DO SALNÉS E NA ESTRADA PO-308 (PONTEVEDRA-A LANZADA)

- *As obras contan cun orzamento de 260.000 euros e teñen un prazo de execución dun mes*
- *Na vía do Salnés realizarase unha rehabilitación do firme consistente na extensión dun tratamento superficial de mestura bituminosa.*
- *Ademais, no treito comprendido entre los enlaces de "Portonovo/Adina" e "Noalla/Aios", instalarse unha barreira rixida de formigón, separando fisicamente os dous sentidos*
- *Na PO-308 levarase a cabo unha rehabilitación do firme entre o PK 13+040 e o 13+840*
- *Está previsto que as obras comecen hoxe xoves pola tarde na PO-308, para a partir da semana que vén actuar na VG-4.1.*

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión de hoxe a declaración de emerxencia da obra: Renovación de capa de rodadura e mellora da seguridade viaria na VG 4.1 (Sanxenxo-A Lanzada) entre os PK 19+000 e 26+000 e renovación de capa de rodadura na PO-308 (Pontevedra-A Lanzada) entre os PK 13+040 e 13+840, por unha contía de 260.000 euros.

As obras, cuxa posta en marcha xa anunciara o conselleiro Agustín Hernández a principios de setembro, teñen un prazo de execución dun mes. Estas actuacións beneficiarán a uns 29.000 habitantes dos concellos de Sanxenxo e O Grove

Con esta actuación, a Axencia Galega de Infraestruturas pretende mellorar o firme nos referidos treitos co obxectivo de incrementar a resistencia ao esvaramento, especialmente nos días de chuva.

Está previsto que as obras comecen hoxe xoves pola tarde, coas melloras na PO-308, para a partir da semana que vén actuar na VG-4.1.

PK 13+040 ao 13+840 da PO-308

A actuación consiste en mellorar a adherencia dos vehículos, polo que se realizará unha rehabilitación superficial do firme consistente na extensión dun tratamento de calea bituminosa, que suporá a reposición da sinalización horizontal.

PK 19+000 ao 26+000 Sanxenxo-A Lanzada

Neste treito realizarase unha rehabilitación do firme consistente na extensión dun tratamento superficial de mestura bituminosa.

Ademais, e co obxecto de incrementar a seguridade viaria no treito comprendido entre los enlaces de "Portonovo/Adina" e "Noalla/Aios", instalárase unha barreira ríxida de formigón coa fin de mellorar a percepción dos dous sentidos de circulación, separando fisicamente os dous sentidos.

Para a execución das obras darase paso alternativo mediante semáforos entre os dous carrís de circulación.



A XUNTA DESTINARÁ 3 MILLÓNS DE EUROS AOS CONCELLOS INCLUÍDOS NA REDE NATURA 2000 PARA MELLORAS NA PAISAXE, O PATRIMONIO E O MEDIO NATURAL

- *Esta orde financiarase por un importe de case tres millóns de euros, divididos en tres anualidades, así para este ano investiranse 576.831,40 €; 547.544,39 € para o 2013 e algo máis dun millón de euros para o 2014*
- *A orde será plurianual, as actuacións iniciaríanse en novembro e o prazo de remate sería o 30 de setembro de 2014*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o informe polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2012, 2013 e 2014. Esta orde financiarase por un importe de case tres millóns de euros, divididos en tres anualidades, así para este ano investiranse 576.831,40 € 547.544,39 € para o 2013 e algo máis dun millón de euros para o 2014. Esta actuación financiarase con cargo ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia, cunha achega do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao 57,56 %.

A orde será plurianual, as actuacións iniciaríanse en novembro e o prazo de remate sería o 30 de setembro de 2014.

O obxecto da orde é regular as bases do réxime de axudas para a execución de medidas que permitan a mellora da paisaxe, o mantemento das condicións ambientais ou recuperación de especies historicamente relacionadas coa actividade agraria en zonas da Rede Natura 2000, así como a conservación e/ou restauración de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional, coa finalidade de incrementar, nas explotacións agrícolas, o valor de recreo público das zonas Natura 2000.

Beneficios

Estas actuacións, que deben manterse afectas ao fin, como mínimo durante 5 anos, suporán un beneficio para os 221 concellos con superficie na Rede Natura 2000, na súa condición de entidades xestoras destas superficies. Poderán presentar unha única solicitude e proxecto por concello. Por outra banda, poderán ser obxecto das axudas previstas nesta orde as seguintes actividades:

- A mellora da paisaxe agraria e desenvolvemento de usos recreativos: limpeza e restauración de camiños de acceso aos predios; sinalización de camiños; e outras de análoga ou similar natureza dentro da Rede Natura 2000.
- A recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional: protección e restauración de

elementos de valor patrimonial nas explotacións: hórreos, milladoiros, cabanas, muros e fontes; calquera outra de análoga ou similar natureza dentro da Rede Natura 2000.

- Actividades, dirixidas á preservación dos hábitats ou ecosistemas: sistemas de condución e drenaxes próximos a zonas de acceso; investimentos destinados á preservación da vexetación de ribeira e filtros verdes; mantemento de sebes nos bordos das zonas comúns; e outras de análoga ou similar natureza dentro da Rede Natura 2000.
- Concederáse o 100% do custo do proxecto solicitado, cun importe máximo de 20.000 €/proxecto. O IVE non será subvencionable.

Esta orde ten continuidade coa publicada e executada nos anos 2010-2011, cos seguintes datos. Neste momento existen 221 municipios beneficiarios potenciais; 168 concellos solicitantes, dos cales 42 foron excluídos por non ser subvencionable o proxecto solicitado ou ben por que non emendaron en prazo.

Así mesmo, hai 123 concellos que xa disfrutan destas axudas, unicamente tres solicitudes non se atenderan por falta de dotación orzamentaria. Todo isto, conta cunha dotación orzamentaria da Orde 2010- 2011: 2.193.852 €. O importe total orzamento subvencionable solicitado polos 168 concellos é de 2.975.122 € e o total axudas concedidas ascende a: 2.186.419,50 €, cunha porcentaxe de execución e pagamento do 78,1%; e cun importe de axuda media concedida de 17.775 €.

A Rede Natura 2000 preséntase non só como un instrumento de conservación do medio natural, senón como un referente de sustentabilidade que brinda a oportunidade de aproveitar as vantaxes económicas e sociais que unha xestión adecuada dos espazos naturais pode reportar, facilitando e potenciando aquelas actividades que, compatibles coa conservación da natureza, contribúan á mellora da calidade de vida e por extensión, ao desenvolvemento do territorio rural galego

CULTURA E EDUCACIÓN BENEFICIARÁ A MÁIS DE 9.000 GALEGOS COA IMPLANTACIÓN DE CURSOS ESPECIALIZADOS DE NIVEL C SUPERIOR NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

- *Dáse así resposta á demanda da sociedade de galega de contar con cursos de perfeccionamento de linguas do nivel máis alto do Marco común europeo de referencia para as linguas*
- *O Plan de potenciación das linguas estranxeiras xa beneficia a máis de 55.000 escolares galegos, un de cada catro no ensino obrigatorio.*
- *Galicia multiplicou por seis o número de auxiliares de conversa, e é xa a segunda comunidade nesa ratio por alumno*
- *O 70% dos centros educativos sostidos con fondos públicos é plurilingüe ou conta con seccións bilingües*
- *O Plan puxo en marcha actuacións específicas para o ensino no rural*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dará resposta á demanda da cidadanía galega de cursos especializados para o perfeccionamento das linguas de nivel C, o superior establecido no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL), implantándoos por primeira vez nas escolas oficiais de idiomas de Galicia. De feito, os potenciais beneficiarios directos desta medida son os máis de 9.000 persoas que acadaron os niveis B2 nas EEOOII.

Así o recolle o informe sobre o Plan de potenciación das linguas estranxeiras analizado hoxe polo Consello da Xunta, que fai ademais balance dos tres anos de implantación desta iniciativa, a través do cal a Consellería favorecerá este curso o acceso a un ensino plurilingüe en igualdade de oportunidades a preto de 56.000 escolares matriculados en centros educativos galegos sostidos con fondos públicos, o que significa que o 26% dos alumnos de ensino obrigatorio xa se benefician do programa plurilingüe deseñado pola Xunta.

Nivel C

Segundo o informe do Plan de potenciación das linguas estranxeiras neste momento está a tramitarse a orde para a implantación e autorización de cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.

Os cursos implantaranse nas EEOOII que así o soliciten e cumpran os requisitos, e serán cursos presenciais cunha duración de 120 horas destinados a aquelas persoas que posúan a certificación de nivel avanzado (B2) das ensinanzas de idiomas de réxime especial. Inclúese tamén a posibilidade da realización de probas de certificación polo réxime libre coordinadas desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Deste xeito, dáse resposta a unha demanda da cidadanía galega a través deste plan de potenciación, estratexia posta en marcha pola Consellería para facilitar que as galegas e os galegos poidan adquirir e mellorar as súas competencias noutras linguas, co fin de atopar maiores oportunidades no mundo académico e profesional.

Tres anos de implantación

O Plan de potenciación das linguas estranxeiras estrutura as súas actuacións sobre tres eixes, nomeadamente a potenciación dos centros, o alumnado e a formación do profesorado. No que toca ao primeiro deles, nos últimos tres cursos escolares creouse unha rede de case 150 centros plurilingües, e estendeuse a de seccións bilingües, ata chegar ás 2.373 seccións, é dicir, tres veces máis que no curso 2008/09-. Desta forma, no 2012/13 o 70% dos centros educativos sostidos con fondos públicos é plurilingüe ou conta con seccións bilingües; e 649 centros – un de cada dous- conta con seccións bilingües – fronte aos 188 que as tiñan ao inicio da lexislatura. Disto, tal e como recolle o informe, beneficianse un de cada catro estudantes dos niveis de ensino obrigatorio, máis de 55.400.

Ademais, a Consellería impulsou o programa de Cursos para a formación complementaria da aprendizaxe en linguas estranxeiras (CUALE), polo que o alumnado recibe formación complementaria e voluntaria fóra do horario escolar para preparar as probas de certificación das escolas oficiais de idiomas. Este programa beneficiou nesta lexislatura preto de 3.000 alumnos e, de feito, incrementou no último curso o seu número de beneficiarios nun 47%.

Por outra banda, malia a crise económica, o departamento educativo da Xunta de Galicia continúa a facilitar que as alumnas e alumnos realicen estadias durante o verán para mellorar as súas competencias lingüísticas. Para iso, ao longo da lexislatura ofertáronse máis de 12.000, fronte ás 4.600 da anterior lexislatura.

Actuacións específicas no rural

Cómpre salientar, ademais, que o Plan de potenciación das linguas estranxeiras presta unha especial atención ao ensino no rural, con actuacións específicas dirixidas a estes centros educativos. Neste sentido, o departamento educativo da Xunta de Galicia puxo en marcha por primeira vez no curso 2011/12 o Programa experimental de acompañamento en lingua estranxeira, dirixido a mellorar as competencias en linguas estranxeiras do alumnado de centros de ensino de localidades rurais que non forman parte da rede de plurilingües ou non dispoñen de seccións bilingües. Tan só no seu primeiro ano de implantación esta iniciativa beneficiou a case 1.500 estudantes de 59 centros do rural das catro provincias galegas.

Ademais, a Consellería dota os centros plurilingües do rural dun apoio nativo especial: o dos 18 profesores xubilados senior que, cada curso e a modo de auxiliar de conversa,

realizan o seu labor nestes colexios e institutos. Cómpre salientar a importancia do papel desenvolvido por estas persoas, que contribúen a mellorar fundamentalmente os aspectos de expresión oral e o coñecemento da cultura anglosaxona, nun exemplo de intercambio cultural.

A segunda comunidade en auxiliares por alumno

Atendendo á importante achega dos auxiliares de conversa, a Consellería de Cultura e Educación impulsou a súa incorporación aos colexios e institutos ao longo de toda a lexislatura, multiplicando por seis o número de auxiliares do curso 2008/09. Así, este curso o Sistema educativo galego contará con 408 auxiliares – contando cos senior- e profesores visitantes, que chegan de 11 países diferentes para reforzar a comunicación oral do alumnado noutras linguas.

Así, Galicia é a segunda comunidade que máis auxiliares de conversa achega aos seus centros en función do seu alumnado; e a terceira en número total de auxiliares.

Formación do profesorado

O terceiro dos eixes do Plan de potenciación das linguas estranxeiras, a chave de toda a estrutura é a formación do profesorado, sen cuxa colaboración non sería posible implementar esta estratexia. Por iso, a Consellería aumentou para eles a oferta de actividades formativas, tanto en estadias no estranxeiro e en España - 1.500 prazas fronte a 830 da anterior lexislatura-, así como a creación de novos itinerarios formativos e para o recoñecemento e acreditación da formación.

Neste sentido, cómpre salientar o deseño dos cursos de Comunicación e Actualización Lingüística e Comunicativa (CALC) que levan ofertadas 3.300 prazas nos 165 cursos programados. Cos estes itinerarios específicos, que se imparten a través das escolas oficiais de idiomas, facilítase que os docentes acaden a certificación necesaria para impartiren docencia nos centros plurilingües e nas seccións bilingües, contribuíndo ao desenvolvemento do Plan de potenciación.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE VAI LICITAR O CENTRO DE SAÚDE DE GALERAS

O Servizo Galego de Saúde vai licitar a construción do centro de saúde do barrio de Galeras, en Santiago de Compostela, nunha parcela cedida por este concello. Para a construción desta obra, que ten un prazo previsto de execución de 14 meses, o departamento que dirixe Rocío Mosquera Álvarez, investirá arredor de 3,3 millóns de euros, cofinanciados pola UE a través do programa FEDER.

Este novo centro de saúde do Servizo Galego de Saúde enmárcase dentro da Estratexia Sergas 2014, de modernización das infraestruturas sanitarias e da rede de atención primaria para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns, así como o contorno de traballo dos profesionais.

SANIDADE OFRECE A INTEGRACIÓN VOLUNTARIA COMO PERSOAL ESTATUTARIO AOS TRABALLADORES DOS HOSPITAIS LUGUESES SAN JOSÉ E SAN RAFAEL

- *A orde que regulará o procedemento e as condicións para esta integración como persoal estatutario sairá publicada mañá no DOG*
- *Esta orde homoxeneiza as condicións laborais dos traballadores, eliminando así dificultades na xestión e organización do traballo e contribuíndo a un uso eficiente dos recursos públicos*

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, informou o Consello da Xunta sobre a publicación mañá no Diario Oficial de Galicia da orde que regula o proceso de integración do persoal Hospital Provincial San José e Hospital Psiquiátrico San Rafael, antes dependentes da Deputación Provincial de Lugo, como persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Esta orde é un instrumento necesario pois regula o procedemento e as condicións para a integración con carácter voluntario na condición de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde do persoal funcionario de carreira e do persoal laboral fixo, regulando os requisitos e o procedemento de integración e os seus efectos, tanto xurídicos como económicos. Así mesmo, regula a situación do persoal que non resulte integrado no réxime estatutario, por non reunir os requisitos necesarios ou por non exerciten a opción voluntaria. Igualmente, establece a integración directa do persoal laboral temporal e funcionario interino na condición de persoal estatutario temporal, así como determinadas prescricións acerca do proceso de integración de categorías concretas.

O Servizo Galego de Saúde ten como misión prover todos os cidadáns galegos de servizos de calidade, mediante un uso eficiente dos recursos asignados que se consegue mellorando a eficacia na xestión.

No eido dos recursos humanos, a experiencia ten amosado que a convivencia de persoal suxeito a diversos réximes xurídicos ocasiona dificultades na xestión e organización do traballo, máxime en organizacións complexas como son as institucións sanitarias. Por iso, esta normativa vai contribuír ao uso eficiente dos recursos públicos asignados e a superar as citadas dificultades mediante o establecemento dun procedemento para a integración do persoal funcionario e laboral transferido na condición de persoal estatutario.

A EXECUCIÓN DOS PROXECTOS DO HOSPITAL 2050 E INNOVA SAÚDE AVANZAN A BO RITMO E AUMENTAN EN 9 MILLONS DE EUROS O SEU ORZAMENTO INICIAL

- ***O orzamento dos proxectos elevarase de 90 a 99 millóns de euros***
- ***Os 9 millóns máis serán integramente ao desenvolvemento de proxectos que xerarán 108 novos empregos de alto valor engadido e fortalecemento no tecido empresarial galego***
- ***O Sergas licitará 27 millóns de euros máis para os plans Hospital 2050 e Innova Saúde antes do remate de 2012***

A conselleira de Sanidade informou o Consello da Xunta que a execución dos proxectos Hospital 2050 e Innova Saúde continúan sobre a planificación prevista e se están tramitando a bo ritmo, tal e como constatou a pasada semana a comisión de seguimento, na cal están representados o Ministerio de Economía e Competitividade e a Consellería de Sanidade.

O orzamento dos proxectos elevarase de 90 a 99 millóns de euros, destinándose os nove millóns de euros adicionais integramente ao desenvolvemento de proxectos que xerarán 108 novos empregos de alto valor engadido e fortalecemento no tecido empresarial galego. O Sergas decidiu destinar os 9 millóns adicionais integramente a desenvolver máis infraestruturas dedicadas a I+D+i e aumentar os proxectos de desenvolvemento o que redundará nun incremento da xeración de riqueza e emprego do previsto inicialmente.

Ademais, o Servizo Galego de Saúde licitará antes de que remate o ano 27 millóns de euros para os proxectos Hospital 2050 e Innova Saúde, unha contía que se engade aos 14 millóns de euros xa tramitados dende principios de ano.

Isto reflicte a decidida aposta do Goberno galego nestes proxectos, xa que non só decidiu manter o orzamento inicial de 27 millóns de euros senón que ademais está a investir nun proxecto máis grande e ambicioso.

Os plans H2050 e Innova Saúde, financiados a través de fondos europeos FEDER, foron asinados en decembro de 2011 a través de dous convenios entre o Ministerio de Economía e Competitividade e o Sergas, e teñen dúas fases de execución. Estes proxectos de innovación sanitaria son, segundo o Ministerio de Economía, o exemplo de maior envergadura dun proxecto de compra pública innovadora a nivel nacional.

Tamén considera que a convocatoria aberta de propostas de solucións innovadoras dirixida a empresas, institucións de I+D+i e profesionais é unha iniciativa pioneira e de referencia dentro dos modelos de innovación aberta das administracións públicas.

No marco desta convocatoria aberta o SERGAS xa recibiu máis de 140 propostas das empresas e institucións galegas para distintas liñas de traballos dos plans Innova Saúde e H2050.

O CONSELLO GALEGO DO TRABALLO AUTÓNOMO CONSTITUIRASE NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2013 E TERÁ 26 MEMBROS

- ***Coa creación do Consello Galego do Traballo Autónomo culminará todo o proceso normativo da Comunidade do desenvolvemento do Estatuto do traballo autónomo***
- ***A través deste consello o Goberno galego coñecerá de primeira man as inquedanzas, opinións e suxestións das asociacións profesionais que representan a gran maioría do traballadores autónomos***

O Consello Galego do Traballo Autónomo poderá constituírse no primeiro trimestre de 2013. O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre o estado da tramitación da constitución deste órgano consultivo do Goberno de Galicia para as materias que afecten os traballadores autónomos.

Coa creación do Consello Galego do Traballo Autónomo culminará todo o proceso normativo da Comunidade do desenvolvemento do Estatuto do traballo autónomo, o que constitúe unha reivindicación do movemento asociativo dos autónomos galegos.

O Consello estará composto por 26 membros: a presidencia, a vicepresidencia e 24 vogais: 6 en representación da Administración autonómica, un da Administración do Estado, un da Administración local, oito en representación das asociacións profesionais de persoas traballadoras autónomas e oito das organizacións sindicais e empresariais galegas.

A través deste consello o Goberno galego coñecerá de primeira man as inquedanzas, opinións e suxestións das asociacións profesionais que representan a gran maioría do traballadores autónomos xa que estarán representadas nel as oito asociacións máis representativas.

A creación do Consello outorga ás asociacións profesionais representativas unha posición xurídica singular para actuar en representación das persoas traballadoras autónomas fronte ao Goberno galego.

Esta norma inscríbese na importante aposta do Goberno galego polos traballadores autónomos e constituirá a última norma para pechar o desenvolvemento da Lei do Estatuto de traballo autónomo de Galicia.

O Consello Consultivo deberá emitir informe sobre o proxecto de decreto no prazo dun mes. Despois, o Consello da Xunta aprobará o texto definitivo do decreto e, no prazo de tres meses desde a publicación no DOG, deberá constituírse o Consello Galego do Traballo Autónomo.

Esta iniciativa inscríbese na aposta da Xunta por fomentar o traballo dos autónomos. De feito, o departamento autonómico destinou entre 2009 e 2012 máis de 122 millóns de euros a este eido, que beneficiaron a máis de 18.000 autónomos e emprendedores.